



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 1 de decembro de 2023 (1582/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día un de decembro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia da primeira tenente de alcalde, Sra. Silva Rego (Resolución de Alcaldía de 30/11/2023), por ausencia do Excmo. Sr. Alcalde, doa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(965).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 24 de novembro de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(966).- AUTORIZACIÓN DE INCORPORACIÓN DE MEMBRO E CONSEQUENTE TRANSMISIÓN DE PARTICIPACIÓN ENTRE MEMBROS DA UTE TITULAR DO CONTRATO DO SERVIZO INTEGRADO DE COMUNICACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6938/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 28/11/2023, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, a letrada-titular de Asesoría Xurídica e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 18/1982, de 26 de maio, sobre Réxime Fiscal de Agrupacións e Unións Temporais de Empresas e das Sociedades de Desenvolvemento Rexional (LUTE)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo integrado de comunicacións do Concello de Vigo (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 4 de xuño de 2019, acordou adxudicar á UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo integrado de comunicacións do Concello de Vigo (8.685-113).

O contrato formalizouse o 1 de xullo de 2019 por un prazo de 4 anos, comenzando a prestación o mesmo día. Contéplase unha prórroga de un ano.

Consta no expediente escritura de constitución da UTE coa seguinte porcentaxe de participación:

- 81% - TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U.
- 19% - TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U.

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 2 de febreiro de 2023, acordou a prórroga deste contrato polo período dun ano, do 1 de xullo de 2023 ao 30 de xuño de 2024 (expediente 10.039-113)

Terceiro.- O 21 de xullo de 2023, D. Nicolás Sánchez Gil, en nome e representación de TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U., e D^a. Elena Gil Lizasoain, en nome e representación de TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U. solicitan “*Que, a los efectos de lo previsto en el artículo 69.9.a) de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre,*



Concello de Vigo

de Contratos del Sector Público (LCSP), se autorice de forma previa y expresa por este Órgano de Contratación la incorporación de TIOTBD como nuevo miembro de la UTE, a los efectos de que TIOTBD pueda pasar a incorporarse como miembro de la UTE para la prestación de servicios de conectividad gestionada M2M asociados al contrato adjudicado a la misma, desde la fecha de efectos 1 de octubre del 2023”.

Na solicitude consta declaración de TIOTBD:

- *“Presta su total conformidad al Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares y a su correspondiente Pliego de Prescripciones Técnicas, reguladores del citado expediente, que declara conocer y aceptar.*
- *Se compromete a dedicar o adscribir los medios personales y materiales suficientes (deberes esenciales del contrato) para la ejecución de los citados servicios de conectividad M2M objeto del contrato adjudicados a la UTE, en los términos y condiciones en los que ha sido acordada con Ustedes, y, en consecuencia, cumple también todos los requisitos indicados la LCSP que resulta aplicable.*
- *No está incurso en ninguna de las prohibiciones de contratar legalmente previstas”.*

Cuarto.- O 22 de setembro de 2023 a Área de Contratación e Novos Proxectos realiza as pertinentes comprobacións de que TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U. estea ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Incorpórase ao expediente certificado positivo de ATRIGA (cunha validez de 6 meses) e xustificantes do Cliente ligero SCSP de estar ao corrente nas obrigas coa AEAT e a Seguridade Social, todos de data 22 de setembro. O 25 de setembro expídese certificado positivo de non ter débedas coa Tesourería Municipal (cunha validez de 6 meses).

Quinto.- Con data do 26 de setembro de 2023, requírese á UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. a emenda da solicitude formulada (mediante sinatura polo xerente da UTE e indicación da nova porcentaxe de participación de cada unha das tres empresas) e a presentación de documentación (poder de representación da representante de TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U. e acreditación da solvencia económica e técnica desta empresa).

Sexto.- O 4 de outubro de 2023, a UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. presenta documentación (documento nº 230308173) na que achega documentación acreditativa da solvencia económica e técnica de TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U.

Sétimo.- O 7 de novembro de 2023, mediante documento nº 230347967, a UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. achega nova solicitude para a incorporación de TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U. como novo membro da UTE asinada polo xerente único da UTE e a apodera-

da de TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U. fixando a seguinte porcentaxe de participacións:

	Porcentaxe de participación
TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.	80%
TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U.	19%
TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U.	1%

Oitavo.- O 13 de novembro de 2023 a Área de Contratación e Novos Proxectos realiza novamente as pertinentes comprobacións de que TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U. estea ao corrente nas súas obrigas coa AEAT e coa Seguridade Social. En relación coas obrigas coa ATRIGA e coa Tesourería Municipal, constan no expediente certificados positivos cunha validez de 6 meses. Constátase que a referida empresa está ao corrente coa AEAT pero non coa Seguridade Social, polo que se require na mesma data á UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. para que presente certificado positivo. Incorporáanse os correspondentes xustificantes ao expediente.

Noveno.- Con data do 21 de novembro de 2023 (documento nº 230362030), TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. presenta documentación acreditativa de que TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U. está ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

-I-

Da natureza das Unións temporais de empresas e o seu réxime xurídico

É preciso comezar por definir que é unha Unión Temporal de Empresas (UTE). Unha UTE é unha forma de colaboración entre empresarios, que dá lugar a unha organización distinta da dos seus membros, pero sen personalidade xurídica propia ou diferenciada. A Lei 18/1982, do 26 de maio, sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais de empresas e das sociedades de desenvolvemento rexional (LUTE) defínea como “*sistema de colaboración entre empresarios por tempo certo, determinado ou indeterminado, para o desenvolvemento ou execución dunha obra, servizo ou subministro*” (artículo 7.1 LUTE).

Tal e como di a Junta de Contratación Administrativa no seu informe 1/17, do 13 de xullo “*unha Unión Temporal de Empresas, pola súa propia natureza, é un sistema voluntario de colaboración entre empresarios por un período determinado, determinado ou indefinido, para o desenvolvemento ou execución dunha obra, servizo ou subministración e que non teña personalidade xurídica propia (art. sétimo*



Concello de Vigo

da Lei 18/1982, do 26 de maio, de réxime fiscal das agrupacións e unións temporais de empresas e das Empresas Rexionais de Desenvolvemento Industrial). O noso Informe 56/2013, do 15 de decembro de 2015, sinalou que a Unión Temporal de Empresas se caracteriza por ser un sistema asociativo de colaboración empresarial que, aínda que implica unha estrutura organizativa común, nunca chega a conformar a existencia dun suxeito de dereito distinto dos empresarios que o integran. Este sistema de colaboración baséase nun acordo de vontades entre empresas e artículase en dous aspectos, ad intra, a través do propio contrato da Unión Temporal de Empresas suscrita polos seus membros, e, ad extra, mediante a participación desa Unión Temporal de Empresas no procedemento de licitación contractual. A articulación ad extra culminará coa obriga de elevar a escritura pública a formalización da Unión Temporal de Empresas ante Notario se finalmente adxudicárase o contrato público. A Unión Temporal de Empresas é, polo tanto, un sistema de colaboración entre empresarios, cuxas principais notas distintivas (artigo 24 do Texto Refundido do ano 2000 e Artigo 59 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público) son os seguintes:

- 1) Non ten personalidade xurídica;
- 2) Xera un sistema de responsabilidade solidaria asumida por todos e cada un dos empresarios socios de o mesmo (todo iso independentemente da porcentaxe de participación do empresario na Unión Temporal de empresas);
- 3) A súa constitución é temporal;
- 4) Deberá formalizarse mediante escritura pública ante Notario se o contrato é adxudicatario”.

No ámbito da contratación pública é unha figura que facilita que dous ou máis empresarios, poidan concorrer xuntos a unha licitación. Ou ben porque individualmente carecen da solvencia esixida no procedemento de que se trate ou ben, por razóns de oportunidade, para repartir os riscos empresariais do contrato. En calquera caso, a posibilidade de concorrer en UTE por dous ou máis empresarios favorece unha maior concorrencia nas licitacións públicas e potencia a participación das pymes.

O problema que suscitan as UTES é a súa escasa regulación, que se contén fundamentalmente na citada Lei 18/1982 (LUTE). Aínda que, esta norma dedica un artigo a fixar o seu concepto (artigo 7) e outro a regular os seus requisitos (artigo 8), o resto dos preceptos regulan basicamente os seus aspectos fiscais. No ámbito da lexislación contractual a LCSP dedícalles o artigo 69.

Desta regulación podemos extraer as principais notas que caracterizan á UTE:

1. A falta de personalidade xurídica (artigo 7.2 da LUTE).
2. O seu carácter temporal. Constitúese para a execución dun contrato concreto e deberán ter unha duración idéntica á da obra, servizo ou subministro que

constituía o seu obxecto (artigos 7.1 e 8.c LUTE, 69.1 LCSP). O artigo 69.4 prevé que a súa duración será coincidente, cando menos, coa do contrato ata a súa extinción.

3. A obriga de formalizar a súa constitución en escritura pública (artículo 8.e LUTE e 69.1 LCSP), que recollerá, entre outros aspectos, *“a proporción ou método para determinar a participación das distintas empresas membros na distribución dos resultados ou, no seu caso, nos ingresos ou gastos da Unión”*.
4. O órgano de administración da unión será un representante ou apoderado único, nomeado polos membros da UTE, con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigacións derivadas do contrato, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagamentos de contía significativa (artigos 8.d LUTE e 69.3 LCSP).
5. O réxime de responsabilidade solidaria dos empresarios integrantes da UTE (artigos 8.e.8 LUTE e 69.3 LCSP).

-II-

Lexislación aplicable á incorporación dun novo membro da UTE

O xerente único da UTE titular deste contrato solicita autorización para a incorporación dun novo membro na UTE (TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U.).

Consta acreditada a súa condición de xerente único na escritura de constitución da UTE de data 1 de xuño de 2007 (nº de protocolo 957), que forma parte do expediente.

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación a aplicar a este contrato. Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP)

A LCSP regula expresamente a modificación da composición das UTES no artigo 69 relativo ás *“Unións de empresarios”*, apartado 9:

“9. Unha vez formalizado o contrato cunha unión temporal de empresas, observaranse as seguintes regras:



Concello de Vigo

a) Cando a modificación da composición da unión temporal supoña o aumento do número de empresas, a diminución do mesmo, ou a substitución dunha ou varias por outra ou outras, se precisará a autorización previa e expresa do órgano de contratación, debéndose ter executado o contrato cando menos nun 20 por cento do seu importe ou, cando se trate dun contrato de concesión de obras ou concesión de servizos, que se efectuou a súa explotación durante cando menos a quinta parte do prazo de duración do contrato. En todo caso será necesario que se requira a resolución ou clasificación e que na nova configuración da unión temporal a empresa teña plena capacidade de obrar e non estean incursas en prohibición de contratar”.

En base ao anterior, os requisitos para a modificación que se solicita da composición da unión temporal mediante a incorporación dun novo membro son os seguintes (artigo 69):

- Autorización previa e expresa do órgano de contratación
- Ter executado o contrato cando menos nun 20 por cento do seu importe
- Que o novo membro da UTE posúa a clasificación (no seu caso) ou solvencia esixidos, plena capacidade de obrar e non estea incurso en prohibición de contratar

-III-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola LCSP para a modificación da composición da unión temporal de empresas

Unha vez fixada a posibilidade de autorizar a solicitude da UTE contratista, resta examinar a concorrencia dos requisitos esixibles.

- Requisito formal: autorización previa e expresa do órgano de contratación, que será concedida tras a comprobación do cumprimento dos demais requisitos e posterior elevación a escritura pública.
- Requisito temporal: ao tratarse dun contrato de servizos, que se executou cando menos nun 20%.

Tendo en conta que o prazo de 4 anos do contrato rematou o 30 de xuño de 2023 e que actualmente se atopa prorrogado ata o 30 de xuño de 2024 en virtude do acordado pola Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 2 de febreiro de 2023, cúmprese claramente o requisito temporal.

- Requisito subxectivo: que o novo membro da UTE posúa a solvencia esixida, plena capacidade de obrar e non estea incurso en prohibición de contratar.

Na solicitude de modificación da UTE inclúese a declaración de que non estar incurso a empresa en prohibición de contratar, no entanto, incorpórase ao expediente o certificado do ROLECE no que consta inscrita a empresa TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U. e onde se fai constar que esta empresa non está incurso en prohibición de contratar e que posúe capacidade de obrar atendendo ao seu obxecto social.

Respecto da solvencia, o PCAP, na súa cláusula 8, establece o seguinte:

- ***Solvencia económica e financeira:***

“Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 5.B das FEC se determinen outros distintos:

- *Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:*
 - *Ao valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.*
 - *Á a anualidade media do prezo do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.*

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

- *Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa prevista no apartado 5.A.*

- ***Solvencia técnica e profesional:***

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 5.C das FEC se determinen outros distintos:

- *Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos*



Concello de Vigo

últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o prezo do contrato.

Se o contrato se licitase por lotes, a anualidade media será a do lote ou lotes aos que presente proposta o licitador.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

- Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa prevista no apartado 5.A”.*
- Apartado 5A) do Anexo I -FEC-:*

“Clasificación alternativa que acredite a solvencia económica e financeira e técnica e profesional: grupo V, subgrupo IV, categoría 3”

Cómpre sinalar que no caso das UTEs opera a norma da acumulación (artigo 31 do RD 2/2000), se ben cada membro debe posuír un mínimo de solvencia.

Sobre este aspecto se pronuncia o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales en resolucións como a nº 913/2016 que establece:

“Respecto de la solvencia técnica, es exigible asimismo a todos y cada uno de los componentes de la UTE, si bien con el criterio flexible de entender que la relación que tengan con el objeto del contrato puede ser directa o indirecta siempre que todas ellas tengan una finalidad social al menos relacionada con el objeto del contrato. Es decir, se exige a cada uno al menos un mínimo de solvencia técnica.

Respecto de la solvencia económica también se exige a cada uno de los

componentes de la UTE, (lo cual es obvio dada la responsabilidad solidaria de todos los componentes de la UTE tanto frente a la Administración como frente a terceros); si bien con el criterio flexible de entender que alguno de sus componentes puede probar su solvencia económica acreditando la capacidad económica de otra empresa perteneciente o no a la UTE, con la que tenga cualesquiera vínculos jurídicos, siempre que pruebe fehacientemente que puede disponer de los fondos económicos de esta tercera empresa”.

A solvencia económica e financeira e técnica e profesional de TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U. foi acreditada o 4 de outubro de 2023 (documento nº 230308173) mediante o volume de negocios recollido nas contas depositadas no Rexistro Mercantil e mediante certificado de ter realizado servizos similares aos do obxecto do contrato, respectivamente, cumpríndose o mínimo de solvencia esixido cando opera a norma da acumulación. Ademais neste caso non se produce a desaparición dun membro da UTE senón a incorporación doutro e todos responden solidariamente tanto fronte á Administración como fronte a terceiros.

Constan no expediente os xustificantes e certificados de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Comprobado que a UTE contratista cumpre cos requisitos temporais e subxectivos, procede outorgar a autorización para a modificación da súa composición e conseguinte redistribución de participacións, que quedará condicionada á súa posterior elevación a escritura pública.

-IV-

Formalización da modificación da composición da UTE

Outorgada a autorización para a modificación da composición da UTE mediante a incorporación de TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U. e a conseguinte redistribución das participacións, que deberá formalizarse en escritura pública, sen a cal carecerá de efectos.

Unha vez formalizada deberá ser comunicada ao Concello. A falta de previsión legal, fíxase como prazo para esta comunicación un mes, prazo que se estima suficiente para cumprimentar este trámite.

-V-

Competencia

O órgano competente para a resolución deste expediente é a Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Neste caso non é preceptivo o informe da Asesoría Xurídica nin a fiscalización da Intervención Xeral (artigo 114.3 TRRL apartado 8 da disposición adicional terceira



Concello de Vigo

da LCSP), ao non comportar gasto para a Administración municipal.

No entanto, para outorgar maiores garantías de seguridade xurídica á citada proposta, sométese á conformidade da Asesoría Xurídica e da Intervención.

-VI-

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Autorizar á UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. a incorporación entre os seus membros de TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U. quedando a porcentaxe de participacións como segue:

	Porcentaxe de participación
TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.	80%
TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U.	19%
TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U.	1%

2º.- A modificación da composición da UTE producirá efectos unha vez que se formalice en escritura pública. Deberá entregarse ao Concello unha copia da escritura pública de formalización no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao do seu outorgamento”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(967).- RECTIFICACIÓN DE ERRO RELATIVO Á RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLA SÚA ACTIVIDADE NA TEMPADA 2022/2023. EXPTE. 23066/333.

Visto o informe xurídico do 14/11/2023 e o informe de fiscalización do 23/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 07/11/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 16/03/20123 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro pola súa actividade na tempada deportiva 2022/2023.

2.- O importe máximo destinado a este programa foi de 950.000,00€ (novecentos cincuenta mil euros) que se farían efectivos con cargo a aplicación orzamentaria 3410.4890000 “subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro” do orzamento vixente da Concellería de deportes.

3.- A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Asemade, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia os días 27.03.2023 e 28.03.2023, iniciándose o prazo de presentación de solicitudes que rematou 19 de abril de 2023.

4.- O Servizo de deportes recibe a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo 193 solicitudes, presentadas polo procedemento e no prazo estipulado, tal e como establecen as Bases, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). A Concellería de deportes, como órgano instructor do procedemento, procedeu ao estudo das 193 solicitudes e da documentación que debe acompañalas, sendo admitidas definitivamente 189 no procedemento de avaliación e rexeitándose 4 solicitudes por diferentes motivos.

5.- Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada polo concelleiro de deportes, o xefe do servizo de deportes-director deportivo e o técnico do servizo de deportes, que actúa como secretario. A Comisión constituíuse o día 02.10.2023 co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme cos criterios sinalados nas bases da convocatoria. Incorporouse ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade solicitante e unha táboa que reflicte o valor dos puntos outorgados e o importe das axudas concedidas.

6.- En aplicación das bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral a Xunta de Goberno Local, a proposta do Servizo de deportes, en data 30.10.2018 adoptou o seguinte acordo:

“1.-Aprobar a resolución da Convocatoria específica para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo en relación á súa actividade deportiva na tempada 2022/2023 segundo a distribución detallada no Anexo I, por importe de 914.252,47€, con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00 do orzamento do 2023”.

7.- O Servizo xestor procedeu á notificación das resolucións das axudas concedidas e denegadas ao abeiro deste programa ás entidades solicitantes.

8.- Consultada o 20.10.2023 a xestión municipal de expedientes, compróbase que en data 19.04.2023, dentro do prazo establecido para a presentación de solicitudes de subvención, a entidade +Enduro MTB, con CIF. G27796556 presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo documentación para solicitar unha subvención en relación á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas de Vigo en relación á actividade deportiva da tempada 2022/2023, que o dito documento non se incorporou ó expediente 22469-333 (Convocatoria de subvencións), e desde entón se atopa aloxado no buzón do Servizo Deportes. (Documento núm. 230094543).

9.- Detectado o erro de tramitación, con data 20.10.2023 o servizo de deportes procede a iniciar de oficio o expediente de rectificación do erro material e a tramitar a proposta de subvención a favor da entidade +Enduro MTB, con CIF. G27796556 en relación á convocatoria de subvencións Convocatoria de subvencións a entidades deportivas de Vigo en relación á actividade deportiva da tempada 2022/2023.



Concello de Vigo

10.- Con data 03.11.2023 solicitouse ó interesado que completase a documentación presentada o 19.04.20123 dentro do prazo previsto nas bases, extremo que cumpriu o día 07.11.2023 a través do rexistro electrónico do Concello de Vigo (Doc. 230346833).

NORMATIVA APLICABLE

- L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

III.1. +Enduro MTB, con CIF. G27796556 en data 19.04.2023 presentou, a través da sede electrónica municipal, solicitude de subvención en relación á “Convocatoria de subvencións a entidades deportivas de Vigo en relación á actividade deportiva da tempada 2022/2023”. (Documento núm. 230094543).

Xunto coa súa solicitude, o solicitante achega a seguinte documentación: Anexo I.1, I.2, I.3, I.4 a copia da tarxeta CIF da entidade, o documento que acredita a composición da xunta directiva e o proxecto de actividade.

III.2. A Xunta de Goberno Local en data 13.10.20123 a proposta da Comisión de avaliación do programa de subvencións da Concellería de Deportes, adopta o acordo de conceder e denegar as correspondentes solicitudes a 193 solicitantes, entre as que non se atopa a presentada por +Enduro MTB, con CIF. G27796556, ao non constar a súa solicitude entre as valoradas, por extravío accidental, a pesar de atoparse no buzón da xestión de expedientes do servizo de deportes.

III.3. En data 20.10.20123, a Concellería de deportes detecta que a solicitude de subvención (Doc.230094543) presentada pola entidade en tempo e forma segundo as bases da convocatoria a través da sede electrónica municipal con data 19.04.20123, non foi tramitada, e se atopa nun buzón da xestión de expedientes do servizo de deportes desde a dita data.

III.4. Revisada a documentación do expediente de solicitude, detéctanse erros da Administración Municipal na súa tramitación, pois esta solicitude non foi tramitada polo servizo de deportes en tempo e forma nos prazos axeitados. Co obxecto de amañar esta situación, valórase que é procedente poñer a revisión e estimación da solicitude de subvención polo que a comisión de avaliación procedeu, tras solicitar ó interesado que completase a documentación presentada, a revisar toda a documentación presentada e calcular a puntuación que conforme ó artigo 8 das Bases reguladoras do programa lle corresponden ó solicitante, incorporando a este expediente a ficha valorativa.

A puntuación acadada polo solicitante é de 1 punto. Tendo en conta que o valor do punto calculado para o resto de solicitantes foi de 566,83 € a contía que lle correspondería de subvención ó solicitante sería de 566,83€.

A baremación do solicitante non afecta significativamente ó valor do punto e polo tanto os importes adxudicados ó resto de beneficiarios en tanto que a diferenza do valor do punto se se tivese en conta a solicitude obxecto deste informe, variaríase 34 céntimos de euro, tendo en conta ademais que o crédito da partida orzamentaria non foi executado na súa totalidade na resolución inicial.

III.5. En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder da Concellería de deportes despréndese que o solicitante cumpre os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 112-119 e 123-124 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, en aplicación das bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral municipal, a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO: Rectificar o erro material existente na tramitación do expediente vinculado coa resolución da Convocatoria de subvencións a entidades deportivas de Vigo en relación á actividade deportiva da tempada 2022/2023, aprobada pola Xunta de Goberno Local do 13.10.2023, incluíndo na relación de beneficiarios, con cargo á aplicación 3410.489.00.00 do orzamento vixente da Concellería de deportes, unha subvención por importe total de 566,83 € a favor da entidade +Enduro MTB, con CIF. G27796556.

SEGUNDO: Notificar este Acordo ó solicitante.

TERCEIRO: Ampliar o prazo de xustificación da subvención para a entidade obxecto da proposta ata o 15 de decembro de 2023.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

4(968).- PROXECTO DE CONVENIO COA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG.VIGO)” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “SERVIZOS DE ATENCIÓN CIDADÁ E ASESORAMENTO XURÍDICO EN MATERIA LABORAL E XORNADA FORMATIVA DURANTE O ANO 2023”. EXPTE. 20376/77.

Visto o informe de fiscalización do 22/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 10/11/2023, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. D. Alberto Gonçalves Herrero, co DNI 36050811J, en calidade de Secretario de Organización da Unión Comarcal de Vigo da CIG, solicita, mediante escrito remitido en data 31/08/2023 a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (documentos nº 220225412 e 230343302) a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio para o desenvolvemento do proxecto "Servizos de atención cidadá e asesoramento xurídico en materia laboral e xornada formativa durante o ano 2023" achegando a seguinte documentación complementaria:

- certificado de representación do Sr. Gonçalves
- certificado de titularidade da conta bancaria.
- declaración xurada de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei de Subvencións de Galicia; e de que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado.
- tarxeta de identificación fiscal da entidade.
- declaración responsable das axudas recibidas para o programa.
- orzamento de gastos do proxecto (01-01-2023 – 30-09-2023)
- memoria do Programa Servizos de atención cidadá e asesoramento xurídico en materia laboral e xornada formativa durante o ano 2023.

II. A devandita entidade consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 489-96, no epígrafe 5.1.

III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4800002 “Convenio CIG Fomento do Emprego”, por importe de 37.000,00 €.

IV. En data 30/10/2023 a A Terceira Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (RA de delegación de competencias do 19/06/2023, BOPP n.º 123 do 27/06/23) asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

V. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 26/10/2023 do adxunto ao tesoureiro municipal, acreditativa de que a benefi-

ciaria non ten débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo. Tamen se obtivo:

- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedido en data 25/10/2023.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 25/10/2023.
- certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 25/10/2023.

VI. A xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Obxecto:

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á “CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-Vigo)” no marco do plan municipal de emprego, mediante o desenvolvemento do Programa “Servizos de atención cidadá e asesoramento xurídico en materia laboral e xornada formativa durante o ano 2023”.

II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2020, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a “CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-Vigo)” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A vixencia do convenio será dende a sinatura do convenio ata o 31/12/2023.



Concello de Vigo

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, a Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución Alcaldía 19/06/23, BOPPO nº 123 do 27/06/23).

Pola outra parte, asinará o convenio don D. Alberto Gonçalves Herrero, co DNI 36050811J, en calidade de Secretario de Organización da Unión Comarcal de Vigo da CIG, con CIF G36706927, segundo resultou acreditado no expediente.

IV. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

O fomento do emprego ten a consideración de actividade prioritaria dentro desta Administración municipal, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 09/03/2012, en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo

dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. A este respecto, cómpre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; sendo de especial relevancia o desenvolvemento da dimensión local da política de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables, especialmente necesario nas circunstancias actuais, atendendo ás repercusións económicas e sociais provocadas pola situación económica debida, especialmente, á inflación e a invasión rusa de Ucraína.

Nesta liña, e mediante resolución de delegación de competencias da Alcaldía, de 19 de xuño de 2023, se encomendou a Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, o deseño e dirección das políticas activas de emprego, fundamentalmente as relacionadas coa mellora da empregabilidade, de cara a fomentar a adaptación das persoas traballadoras. Deste xeito, dentro do fomento do emprego, na cidade de Vigo, debemos de ter en conta os novos nichos de emprego, así como, a formación e experiencia das organizacións sindicais, que contribúen á defensa e promoción dos intereses sociais mediante o apoio á mocidade e ás persoas desempregadas de longa duración, incrementando o acceso ás ofertas de novos empregos, así como, acompañando na busca dunha mellor situación ou posición no mercado laboral das persoas destinatarias dos programas, todo o cal ven a favorecer a consecución dun dos obxectivos que persegue a política municipal do Concello de Vigo, cal é, o da inserción social e laboral da cidadanía.

V. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio solicitado de 37.000,00 € imputaranse con cargo á partida 2410 4800002 "Convenio CIG Fomento do Emprego", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2023, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/01/2023 ao 30/09/2023).

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.



Concello de Vigo

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

VI. Normativa de aplicación:

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2023, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VII. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

O prazo de xustificación da subvención por parte da CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-Vigo), debido a problemas xurdidos na xestión do servizo, establécese nos **7 (sete) días hábiles** seguintes á sinatura por ambas partes do convenio.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola 'Confederación intersindical galega CIG' mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio.

O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará **7 (sete) días hábiles** seguintes á sinatura por ambas partes do convenio.

VIII. Publicidade:

A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros

A presente subvención rexistrarase na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

IX. Órgano competente:

O art. 9.4 da LXS e o art. 6.4 da LSG establecen coma requisitos previos de outorgamento de subvencións: a competencia do órgano concedente, a existencia de crédito axeitado e suficiente, a tramitación do correspondente procedemento, a fiscalización previa e a aprobación do gasto polo órgano competente.



Concello de Vigo

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.*

X. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas na Resolución Alcaldía do 19/06/23, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

- 1) Aprobar o texto do convenio que se achega ao presente acordo entre o Concello de Vigo e A "CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-Vigo)" co CIF G36706927, no marco do plan municipal de emprego, para o desenvolvemento do Programa "Servizos de atención cidadá e asesoramento xurídico en materia laboral e xornada formativa durante o ano 2023"
- 2) Autorizar o gasto de **37.000,00 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 4800002 "Convenio CIG Fomento do Emprego", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2023.
- 3) Facultar á Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude.

- 4) Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), así como publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A " CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-Vigo) " NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA SERVIZOS DE ATENCIÓN CIDADÁ E ASESORAMENTO XURÍDICO EN MATERIA LABORAL E XORNADA FORMATIVA DURANTE O ANO 2023 (EXPTE. 20376/77)

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. Elena Espinosa Mangana, na súa calidade de Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, en nome e representación do Concello de Vigo co NIF P3605700H e enderezo na Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Alberto Gonçalves Herrero, con DNI 36050811J, en representación da Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) (CIF G36706927) e enderezo social na Rúa Gregorio Espino 47- Ent., de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 20376/77, persoa responsable da sinatura do presente convenio.

E, actuando Dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal, e dando fe do acto que se celebra.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

PRIMEIRO: Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.



Concello de Vigo

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores dende o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dende, polo menos, o ano 2013, mediante a sinatura de convenios coa “**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-Vigo)**”, para a o desenvolvemento de proxectos de servizos de atención cidadá e asesoramento xurídico en materia laboral e xornada formativa de Igualdade.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables, especialmente necesario nas circunstancias actuais, atendendo ás repercusións económicas e sociais provocadas, especialmente, pola situación da guerra de Ucraína e a inflación.

Dentro do fomento do emprego, na cidade de Vigo, cómpre ter en conta os novos nichos de emprego, así como, a formación e experiencia das organizacións sindicais, que contribúen á defensa e promoción dos intereses sociais mediante o apoio ás mulleres, persoas mozas, desempregadas de longa duración e persoas que se atopan en especial risco de vulnerabilidade e exclusión social, incrementando o acceso ás ofertas de novos empregos, así como, acompañando na busca dunha mellor situación ou posición no mercado laboral das persoas destinatarias dos programas, todo o cal ven a favorecer a consecución dun dos obxectivos que persegue a política municipal do Concello de Vigo, cal é, o da inserción social e laboral da cidadanía.

SEGUNDO: Que a CIG é unha organización sindical maioritaria, en número de representantes sindicais, do seu ámbito territorial, e posúe unha acreditada experiencia no deseño e execución, con éxito, de diversos proxectos en cooperación con entidades e administracións públicas.

Segundo contempla o art. 6 do Título I dos seus Estatutos confederais, é unha organización sindical de traballadores/as galegas, con obxectivos sociais como a profundización democrática e social, o pleno exercicio de todos os dereitos humanos e o impulso da participación sociopolítica, entre outros.

Deste xeito, co obxecto de contribuír á consecución dos fins públicos obxecto de protección, a través de fórmulas de colaboración con axentes sociais de ampla representatividade, dáse trámite ao procedemento de “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) no marco do fomento do emprego para o desenvolvemento do programa de servizos de atención cidadá e asesoramento xurídico en materia laboral e xornada formativa durante o ano 2023”:

I.- Que a Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo), conforme á proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 31/08/2023, a través dos documento con número de rexistro de entrada 220225412 ten por obxecto a organización das seguintes accións de carácter sociolaboral de interese para a cidadanía no marco do fomento do emprego:

- ✓ Desenvolvemento dun servizo de atención xeral ao público.
- ✓ Reforzo da actividade de asesoramento xurídico laboral.
- ✓ Realización dunha actividade formativa pública “As eleccións sindicais como instrumento para a mellora das condicións laborais”, onde abordarase os procesos de eleccións para a designación de representación legas dos traballadores/as, valorizando a súa importancia como instrumento para a acción sindical nas empresas e centros de traballo; así mesmo se analiza en termos sociopolíticos e sindicais a importancia que ten a representatividade sindical no marco da negociación colectiva de cara a mellora das condicións materiais de vida e traballo.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo), a condición de partícipe na súa contribución na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da igualdade no emprego contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.

Estas circunstancias así como a presenza que ten a Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) entre o tecido económico e laboral, e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2023, para o desenvolvemento dun convenio coa CIG para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto de axudar ás persoas máis vulnerables a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ao mercado laboral, ao por a disposición delas canta información, formación básica e orientación sexa posible, mediante o desenvolvemento dunha campaña a nivel municipal, dividida en diversas liñas de actuación, encamiñadas a mellorar as expectativas de emprego das mulleres, persoas mozas, desempregadas de longa duración e persoas que se atopen en especial risco de vulnerabilidade e exclusión social.

V.- Que a Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo), o Concello de Vigo e a dita organización sindical conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes



Concello de Vigo

PACTOS

Primeiro.- A Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego do Concello de Vigo en canto á dinamización e fomento do emprego entre a cidadanía viguesa, e a levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente:

1. Desenvolver un servizo de atención xeral ao público.
2. Reforzo da actividade de asesoramento xurídico laboral.
3. Realización dunha actividade formativa pública “As eleccións sindicais como instrumento para a mellora das condicións laborais”, onde abordárase os procesos de eleccións para a designación de representación legas dos traballadores/as, valorizando a súa importancia como instrumento para a acción sindical nas empresas e centros de traballo; así mesmo se analiza en termos sociopolíticos e sindicais a importancia que ten a representatividade sindical no marco da negociación colectiva de cara a mellora das condicións materiais de vida e traballo.
4. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
5. Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
9. Colaboracións con asociacións e organizacións empresariais. Baixo esta óptica manteranse xuntanzas de traballo coas diferentes organizacións empresarias con implantación en Vigo (Anfaco-Cecopesca, Asime, Anged, Arvi, Asociación de empresarios de construción e obra pública, Federación de Comercio e Asociacións de comerciantes e hostelería...), co obxectivo de manter canles de comunicación permanente que axuden a detectar a súas necesidades e así facilitar ás persoas usuarias do programa unha mellor proxección para o seu desenvolvemento laboral, e ás empresas a cubrir as súas necesidades.
10. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, o lugar, datas e duración das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite realización dalgunha das actividades previstas.
11. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo).
3. Conceder directamente á Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) unha subvención por importe de 37.000,00 € que corresponden (22.000,00 € de custes salariais e sociais do persoal implicado no proxecto, 3.500,00 € de subministro eléctrico do local, 11.000,00 € de gastos mantemento local) e gastos de organización e xestión da xornada, necesarios para o desenvolvemento do convenio, con cargo á partida 2410 4800002 "Convenio CIG Fomento do Emprego", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

–A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Emprego da Concellaría da Área de



Concello de Vigo

Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude.

Sétimo- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

A presente subvención rexistrárase na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Oitavo- O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo de xustificación **realizarase nos 7 (sete) días hábiles seguintes á sinatura do convenio** por ambas partes.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electronicamente

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=g.a>.

A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente. Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electronicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarase, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Nóminas correspondente aos meses imputados.
- Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 ao 30 de setembro de 2023.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego. A xefa do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas cir-



Concello de Vigo

cunstanCIAS que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento, para a súa apreciación e imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais

automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo sexto.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o 31/12/2023.

E, en proba da súa conformidade, asinan electronicamente o presente convenio, en data das devanditas sinaturas

5(969).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MATERIAL PARA PISTAS DEPORTIVAS. EXPTE. 50382/446.

Visto o informe xurídico do 20/11/2023 e o informe de fiscalización do 27/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 30/10/2023, asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 21 de marzo de 2023, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro delegado da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, en data 22 de marzo de 2023, asinan informe xustificativo da necesidade e orde de inicio do procedemento aberto simplificado para a contratación do *subministro e instalación de material para PISTAS DEPORTIVAS* (expte. 50382/446).

2.- En data 19 de abril de 2023, asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, e polo concelleiro delegado da



Concello de Vigo

Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, en data 30 de agosto de 2023, a memoria económica (MEC). Modificada posteriormente en data 29 de agosto de 2023.

3.- En data 24 de abril de 2023, a Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención do Concello de Vigo emite documento económico de retención de crédito, RC 202300049129, por importe de 118.170,79€.

4.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 29 de agosto de 2023, asínase pola enxeñeira industrial do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, a adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

5.- A memoria xustificativa (MEX), asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o 25 de outubro de 2023 e polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 26 de outubro de 2023, co conforme do concelleiro delegado da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, da mesma data.

6.- En data 26 de outubro de 2023, a técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos, emiten informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

7.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos, con data 26 de outubro de 2023.

8.- O presente contrato non está previsto no plan anual de contratación, pero atópase contemplado no orzamento vixente, constando no expediente de contratación o seu documento contable correspondente (RC nº 202300049129).

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iníciarase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada, por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, en resolución de 21 de marzo de 2023, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP trátase dun contrato de subministro.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado, e a forma de tramitación do expediente é a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116, 131,2 e 159 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é 97.661,81€.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Octavo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Noveno.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de



Concello de Vigo

contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de *subministro e instalación de material para PISTAS DEPORTIVAS*, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 29 de agosto de 2023 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 26 de outubro de 2023.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 118.170,79€, que inclúe un IVE de 20.508,98€, o cal se imputará á partida 1710.6190000 “Melloras Inst. Deportivas nos Parques”, do vixente orzamento 2023.

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Os asinantes subscriben declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 03/03/2021 para os empregados públicos, en execución do O.O.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(970).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DUN INSPECTOR DE MEDIO AMBIENTE- OEP 2017, PROMOCIÓN INTERNA. EXPTE. 43128/220

Visto o informe de fiscalización do 22/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 20/11/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 (3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía unha praza de inspector de Medio Ambiente pola quenda de promoción interna.

II.- Segundo resolución de data 01/08/2023 pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas dos procesos selectivos derivadas da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2017, 2018, 2019 (3ª fase), no proceso selectivo de inspector de Medio Ambiente pola quenda de promoción interna, foi admitida unha persoa.

III.- En sesión de data 29/09/2023, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de inspector de Medio Ambiente pola quenda de promoción interna, acordou:

*“De conformidade coas bases da convocatoria, o órgano de selección acorda propoñer o nomeamento como funcionario de carreira para ocupar unha praza de Inspector de Medio ambiente, incluída na OPE 2017-2018-2019 3a fase, a L.D.L.S.T Pérez Montes, co DNI ***6268*, quen obtivo as seguintes puntuacións:*

Fase concurso	Fase oposición	Puntuación total
10,2	17,65	27,85

“

IV.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 27/10/2023.

V.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal a persoa proposta, presentou en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

VI.- Consta informe de verificación administrativa de data 16/11/2023 segundo o cal, *“Solicitados datos respecto das prazas vacantes existentes a día de hoxe como **Inspector/a Medio Ambiente**, foron revisadas na aplicación de Ginpix7 as consultas de “RPTvacantes”, e comprobada a súa posible cobertura por interinos nas correspondentes dotacións.*

Os servizos con praza vacante son:

-Servizo de Medio Ambiente: 1 vacante”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- **Normativa de aplicación.**- -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.



Concello de Vigo

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dicada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...). Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (...). “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”, estableciendo que “en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2017, 2018, 2019, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

Neste caso procede o nomeamento como funcionario de carreira, na praza de Inspector de Medio Ambiente, con cargo a 1 praza vacante pola quenda de promoción interna enmarcada no grupo C, subgrupo C1; escala administración especial; reservada para promoción interna e incluída na Oferta de Emprego Público correspondentes ao ano 2017, fase 3 de Concello de Vigo, ao Sr. Pérez Montes segundo consta na proposta do órgano de selección referida no punto III dos antecedentes de este informe.

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de



Concello de Vigo

aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

IV.-.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo á praza vacante ofertada na Oferta de Emprego Público 2017 (BOPPO nº 248 de 29/12/2017) de inspector de Medio Ambiente pola quenda de promoción interna, á única persoa aspirante que superou a totalidade dos exercicios do proceso selectivo segundo a proposta do órgano de selección de data 29/09/2023, o Sr.:

N.º	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAL
1	PEREZ MONTES	L.D.L.S.T.	***6268**	27,85

SEGUNDO.- Dispoñer que a persoa nomeada deberá tomar posesión como funcionaria de carreira na dita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á persoa interesada, ao servizo de Medio Ambiente, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(971).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO FRONTE AO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE OITO PRAZAS DE SUBALTERNA/O POLA QUENDA LIBRE, DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2017-2018-2019 (3ª FASE). EXPTE. 43011/220

Dáse conta do informe-proposta de data 15/11/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral e secretaria do órgano do referido proceso selectivo e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 11.08.2022, aprobáronse a convocatoria e as bases específicas dos procesos selectivos destinados á execución da oferta de emprego público do Concello de Vigo dos anos 2017-2018-2019 (3ª fase) – BOP de Pontevedra número 180, do 20.09.2022-, figurando nelas oito prazas de subalterna/o, das que tres se reservan a persoas con diversidade funcional e unha a persoas con diversidade funcional intelectual.

As nomeadas bases específicas foron modificadas mediante o acordo adoptado o día 24.11.2022 pola Xunta de Goberno Local (BOP de Pontevedra número 233, do 07.12.2022).

O inicio do prazo de presentación de solicitudes publicouse no Boletín Oficial do Estado número 258 do 27.10.2022.

Con data 08.06.2023, a Xunta de Goberno Local dispuxo a celebración do primeiro exercicio, obrigatorio e eliminatorio, do referido proceso proceso selectivo, o día 04.10.2023 (Boletín Oficial de Pontevedra número 129 do 05.07.2023) no pabillón de Navia.

Na data acordada celebrouse o exercicio previsto consonte as bases específicas aprobadas, composto por 30 preguntas máis 5 preguntas de reserva, con catro respostas alternativas por pregunta, das que só unha é correcta.

Con data 16.10.2023, tivo entrada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, un *recurso de reposición* con cod.sol.: W982515-5824 presentado por “Fundación Integra para la Discapacidad Intelectual” solicitan-



Concello de Vigo

do a anulación das probas realizadas e a realización doutras consonte á normativa que rexe para as persoas con discapacidade.

O día 09.11.2023 o emitíuse informe que foi sometido ao coñecemento do órgano de selección para a súa remisión á Área de RRHH e Formación para a formulación da proposta procedente.

Nesa mesma data, a técnica de admón.xeral co conforme da xefatura da Área de RRHH e Formación comunica que a proposta formularase pola secretaría do órgano de selección para ser conformada pola concelleira competente por razón da materia.

FUNDAMENTOS DE DEREITO E CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Normativa examinada

- Constitución Española de 1978
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPA-CAP)
- Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social
- Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado
- Bases xerais e específicas publicadas no BOP de Pontevedra de datas 20.09.2022, 07.07.2020 e 07.12.2022.
- Demais de aplicación

II. Exame dos requisitos formais

De acordo coa base décimo sétima das xerais, contra os acordos dos órganos de selección, as persoas aspirantes poderán interpoñer unha reclamación no prazo de tres días contado dende o seguinte a súa publicación. No que afecta ao exercicio que nos ocupa, o prazo de reclamacións conferido ás persoas aspirantes rematou o día 11.10.2023, incluído. Neste senso, a recorrente non ten a condición de persoa aspirante nin formulou reclamación no prazo establecido, tampouco presenta o recurso de alzada previsto nas ditas bases senón un recurso que cualifica 'de reposición'.

Xa que logo, precluído o prazo para a presentación de reclamacións fronte ao primeiro exercicio do presente proceso selectivo, e sen prexuízo de que para o recoñecemento de lexitimación activa da recorrente esta debера atoparse nunha determinada relación co obxecto de impugnación e obter unha vantaxe ou utilidade directa, o que parte tamén de observar a súa finalidade estatutaria, o recurso administrativo procedente contra a actuación do órgano de selección deberá entenderse que é o de alzada (artigo 115.2 da LPACAP), cuxo coñecemento correspondería a Xunta de Goberno Local.

Sen prexuízo do anterior, analizarase o fondo do asunto mediante o estudo dos motivos de impugnación.

III. Exame dos motivos da impugnación e das bases da convocatoria

A recorrente fundamenta a súa impugnación sobre a consideración de que as probas e o desenvolvemento do primeiro exercicio foi contrario aos principios que rexen o acceso ao emprego das persoas con discapacidade, posto que careceu, ao seu xuízo, das adaptacións propias que debe posuír un exame destinado á persoas con discapacidade intelectual, resultando discriminatorio e contrario á igualdade de oportunidades. Cita concretamente, as indicacións establecidas pola asociación 'Plena Inclusión' no seu Protocolo para as Administracións Públicas, que recomendarían probas coas seguintes características:

- Menos de 30 preguntas*
- 1 hora para un máximo de 25 preguntas
- Convocatorias e exame en formato de lectura fácil
- Plantilla adaptada e que facilite minimizar os erros de transcripción
- Preguntas cun máximo de 3 respostas alternativas
- Os erros non deben penalizar

*O citado Protocolo recomenda un número de preguntas inferior a 30 cando se convocan prazas con fase de concurso e fase de oposición.

Afirma, así mesmo, que o acto impugnado é un acto de trámite cualificado que omitiu totalmente o procedemento establecido, solicitando a anulación das probas e a convocatoria dunhas novas que se desenvolvan consonte á normativa que rexe para as persoas con discapacidade.

Para a análise dos fundamentos expostos, debe partirse do establecido nas bases da convocatoria, dado que estas son a lei do proceso selectivo e vinculan non só á Administración e ás persoas aspirantes, senón tamén aos tribunais de selección, como ten declarado reiterada xurisprudencia (STS do 22.05.2012, 10.04.2014, entre outras). Non consta a impugnación destas bases pola agora recorrente.

Pois ben, segundo o establecido no punto V das bases específicas "Subalterna/o" publicadas no BOP de Pontevedra número 180, do 20.09.2022:

"V.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos as/os participantes

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 30 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas que será determinado polo órgano inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada. Non se puntuarán as non contestadas.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos."

Compróbase que as ditas bases específicas esixen a confección dunha proba tipo test coas seguintes características:

- Proba escrita
- De 30 preguntas mínimo
- Con catro respostas alternativas



Concello de Vigo

- Cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada

En observancia das referidas bases, o exame tipo test confeccionado para o primeiro exercicio, obrigatorio e eliminatorio, estivo composto de 30 preguntas (o mínimo previsto nas Bases específicas) máis 5 de reserva, con catro respostas alternativas por pregunta (segundo o esixido nas Bases específicas), acordándose a súa execución polas persoas aspirantes no prazo máximo de 35 minutos. A circunstancia de que as preguntas incorrectas penalicen no resultado final é unha decisión das ditas bases específicas e non afecta á confección do exercicio.

O reproche xurídico, xa que logo, debera dirixirse ás bases da convocatoria, pois a proba confeccionada elaborouse na súa estrita observancia.

Con respecto á duración do exame, cómpre apuntar que o órgano de selección recoñeceu un tempo adicional a todas as persoas solicitantes de adaptacións de medios e tempos que achegaron o correspondente ditame técnico facultativo, consonte ao determinado no Anexo da Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, o que foi obxecto da oportuna publicidade sen que se tiveran presentado reclamacións. Isto significa que a todas elas concedéuselles o tempo adicional máximo previsto na dita Orde (en atención á correspondencia que establece entre tempos e códigos).

Doutra banda, as instrucións relativas ao marcado das follas de resposta foron obxecto de publicación na web municipal con antelación á data do exercicio, para o seu coñecemento polas persoas aspirantes.

Tocante ao desenvolvemento da proba, cómpre sinalar que o día da celebración do exercicio, reserváronse as primeiras filas das instalacións para as persoas con diversidade funcional, incluída a intelectual, garantíndoselles a rápida e constante asistencia do persoal do dispositivo de apoio e dos membros do órgano de selección. Resolvéronse todas as dúbidas formuladas polas ditas persoas aspirantes, incluídas ás relativas ao marcado da folla de respostas. Ademais, para as persoas que dispoñían de tempo adicional, foron reservados diferentes postos correlativos na primeira fila. A todas estas persoas informáuselles expresa e individualizadamente, antes do comezo do exercicio, do tempo adicional do que dispoñían e, cando o tempo “ordinario” rematou, comunicáuselles novamente o concreto tempo adicional do que dispoñían; tempo que unicamente esgotou unha persoa aspirante.

Sen descoñecer a imprescindible labor realizada polas entidades que conforman o Terceiro Sector, non pode obviarse que o Protocolo citado pola recorrente carece da condición de norma xurídica polo que non resulta vinculante nin de preceptiva aplicación, ao non constar tampouco, ao órgano de selección, solicitude ningunha peticionando a adaptación de formatos, plantillas, etc. malia o establecido na base xeral cuarta do presente proceso selectivo (BOP de Pontevedra número 128, do 07.07.2020), a cuxo tenor:

“(..). A opción a estas prazas reservadas haberá de formularse na solicitude de participación nas convocatorias, coa achega de declaración expresa das persoas interesadas que reuniren o grado de discapacidade requirido, acreditado mediante certificado expedido ao efecto polos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou, de ser o caso, da Comunidade Autónoma. Na propia solicitude o/a interesado/a deberá reflectir as necesidades específicas que teña para acceder ao proceso selectivo en igualdade de condicións que o resto dos aspirantes (...)”.

Debe por elo insistirse en que máis aló de solicitudes de adaptación de tempos, ningunha das persoas aspirantes presentou unha solicitude de medios que reflectise as súas necesidades específicas, acordando o órgano de selección, maila o inespecífico desas solicitudes, outorgarlles igualmente o tempo máximo adi-

cional establecido na citada Orde cando tiveran presentado o ditame técnico facultativo referido nela. Ningunha reclamación consta contra estes acordos.

Finalmente, con respecto á confección das probas, cómpre sinalar que con data 19.10.2023, incorporouse ao expediente 41057/220, o informe xurídico da Área de RRHH e Formación, en cuxo punto 4 lembra, entre outros, o establecido no artigo 3.3 do Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade:

“Las pruebas selectivas tendrán idéntico contenido para todos los aspirantes, independientemente del turno por el que se opte, sin perjuicio de las adaptaciones previstas en el artículo 8 (subliñado orixinal do informe). Durante el procedimiento selectivo se dará un tratamento diferenciado a los dos turnos, en lo que se refiere a las relaciones de admitidos, los llamamientos a los ejercicios y la relación de aprobados. No obstante, al finalizar el proceso, se elaborará una relación única en la que se incluirán todos los candidatos que hayan superado todas las pruebas selectivas, ordenados por la puntuación total obtenida, con independencia del turno por el que hayan participado. Dicha relación será la determinante para la petición y la adjudicación de destinos, excepto lo previsto en el artículo 9”.

Polo demais, no seu punto 5 dispón o dito informe o seguinte: “Indicar que a situación de discapacidade nos aspirantes da dereito a competir con outros nunha situación similar pero non outorga preferencia a prazas ou valoracións privilexiadas nin autoriza a rebaixar o nivel de esixencia de aptitudes e coñecementos, que ten que ser igual para todos. Las medidas de discriminación positiva non supón establecer para eles distintos criterios técnicos de cualificación dos seus méritos e capacidade, ou superación de exercicios por debaixo do umbral esixido aos aspirantes. “En efecto una cosa es el principio de capacidad, que ha de superarse necesariamente por todos los que participen en el proceso selectivo, incluyendo los que lo hacen el turno d ediscapitados, en condiciones de igualdad con el resto de los aspirantes, y otra el mérito, y es aquí donde podría jugar la discriminación positiva a fondo de estos, desplazando a otros aprobados del turno general que hubieran sacado peor nota que quienes participan en el turno especial (STS 8/07/2016, rec. 1926/2015)””.

IV. Órgano competente

É competente para resolver á Xunta de Goberno Local consonte o disposto no artigo 121 da LPAC en relación co artigo 127.1.h) da LRBRL e as bases xerais (BOP número 128, do 07.07.2020).

Polo anterior, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO: Inadmitir o recurso presentado pola Fundación Integra para a Discapacidade Intelectual o día 16.10.2023 no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, con cod.sol.: W982515-5824, solicitando a anulación da proba realizada no presente proceso selectivo, por falta de lexitimación activa da recorrente.

SEGUNDO: Notificar este acordo á interesada, comunicándolle que contra o presente non caberá ningún recurso administrativo, agás o recurso extraordinario de revisión, nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPAC, consonte o establecido no artigo 122.3 da LPAC, e que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar a partir do seguinte a súa notificación, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo de calquera outro que estime pertinente.



Concello de Vigo

Este informe non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(972).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO EXPEDIENTE DAS BASES ESPECÍFICAS E CONVOCATORIA DA 3ª FASE DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2017-2018-2019. EXPTE. 38308/220

Dáse conta do expediente de data 24/11/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 11/08/2022, aprobou a convocatoria e bases específicas dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2017, 2018 e 2019 (3ª fase), publicado no BOPPO nº 180 de 20/09/2022. As Bases xerais dos referidos procesos selectivos, foron aprobadas en sesión de XGL de data 12/03/2020–BOPPO nº 128 de 07/07/2020.

II.- En data 21/11/2023, recíbese escrito da secretaria do órgano de selección de oficial albanel nos seguintes termos: *ráis a celebración da sesión que tivo lugar o 14/11/2023, detectouse a posible existencia dun erro nas Bases Específicas. Por esta razón, poñemos en coñecemento da Area de RR.HH e Formación a existencia dun posible erro na Base V das Específicas (BOP n.º 180 do 20/09/2022), en relación co Terceiro Exercicio (Galego), exercicio de carácter obrigatorio, aínda que o non superalo, non impedirá o nomeamento. Así, a Base prevé a exención da realización deste exercicio “as/os aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título de CELGA 2 ou equivalente homologado”.*

Sen embargo, nas Bases Específicas das demais prazas de Oficial (C2) incluídas nesta terceira fase da OEP 2017-2018-2019 esíxese o CELGA 3 ou equivalente, polo que entendemos que existe un erro e que o Celga esixible ten que ser o CELGA 3 ou equivalente (non o CELGA 2 ou equivalente).

*Á vista do exposto e de existir o erro descrito, **solicítase se corrixa este erro en relación ao Celga esixible no presente proceso selectivo...***

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Corrección de erros.-

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que as Administracións Públicas poderán, así mesmo,

rectificar en calquera momento, do oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

No acordo de Xunta de Goberno Local de data 11/08/2022, que aproba a convocatoria e bases específicas dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2017, 2018 e 2019 (3ª fase), publicado no BOPPO nº 180 de 20/09/2022, concretamente na praza de oficial albanel, na Base V das Específicas (BOP n.º 180 do 20/09/2022), en relación co Terceiro Exercicio (Galego), exercicio de carácter obrigatorio, aínda que o non superalo, non impedirá o nomeamento, prevé a exención da realización deste exercicio “as/os aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título de CELGA 2 ou equivalente homologado”.

Efectivamente, tal e como se pon de manifesto pola Secretaria do órgano de selección trátase dun erro, toda vez que de conformidade coa Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), o CELGA 3 é o equivalente para a titulación de graduado en ESO, titulación esixida para o acceso a todas as prazas de Oficial (C2).

Polo tanto, na praza de oficial albanel, na base quinta, onde consta:

“Estarán exentas/os da realización deste exercicio as/os aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 2 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación co seu anexo I, punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos”

Debe constar:

“Estarán exentas/os da realización deste exercicio as/os aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación co seu anexo I, punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos”

II.- Competencia: O órgano competente para a aprobación de convocatorias das ofertas de emprego público e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1., apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O mesmo órgano é o competente para rectificar os seus acordos.

En consecuencia, e á vista do exposto; coa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023); elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO: Rectificar en base ao informe que antecede, o acordo de Xunta de Goberno Local de data 11 de agosto de 2022, polo que se aprobou a convocatoria e bases específicas dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do



Concello de Vigo

Concello de Vigo 2017, 2018 e 2019 3ª fase (BOPPO nº 180 de data 20/09/2022) no seguinte punto:

Nna praza de oficial albanel, na base quinta, onde consta:

“Estarán exentas/os da realización deste exercicio as/os aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 2 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación co seu anexo I, punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos”

Debe constar:

“Estarán exentas/os da realización deste exercicio as/os aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación co seu anexo I, punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos”

SEGUNDO.- Notificar á secretaria do órgano de selección da praza de oficial albanel e ordenar a realización das publicacións oficiais que correspondan, dispoñendo a súa inserción na web municipal www.vigo.org.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(973).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN MODIFICADO DA AOD A-3-10 ESTURÁNS-POLÍGONO II. EXPTE. 5250/401.

Dáse conta do informe-proposta de data 23/11/2023, asinado pola técnica de Admón Xeral, a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que foi tratado no Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 28/11/2023, que di o seguinte:

ANTECEDENTES E FEITOS

I.- Damos por reproducidos por mor das necesarias concisión e brevidade, o relato de feitos e a fundamentación/valoración xurídica contida no informe con proposta de acordo subscrito conxuntamente pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión e a Xefa do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico de data 21.09.2023, conformado polo Xerente de Urbanismo e a Concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda con data do 22.09.2023, que serviu de base ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do Concello de Vigo na sesión ordinaria que tivo lugar o 06.10.2023 no que, entre outros pronunciamentos, acordou,

(...)I.- PRIMEIRO: Prestar aprobación inicial ao “Proxecto de urbanización modificado do polígono II da AOD ESTURÁNS”, elaborado pola arquitecta María L. Iglesias Fernández, (colexiada 2981) en data

agosto de 2023. **SEGUNDO:** Subsecuentemente e a teor da nova documentación que se incorpora ao expediente e a que se presta aprobación inicial, sométese o mesmo a información pública, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes mediante anuncio que se inserirá no "Boletín Oficial" da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, e nun dos xornais de maior difusión da provincia, computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente no Servizo de información/Rexistro da XMU do Concello de Vigo, en horario de oficina, ou ben a través da sede electrónica e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada ás persoas propietarias de parcelas incluídas no polígono e nos sistemas xerais afectos. **TERCEIRO:** Notificar o presente acordo aos departamentos municipais con competencias na materia, así como as empresas subministradoras Aqualia, Unión Fenosa Distribución, Telefónica de España, R Cable y Telecable Telecomunicacións, e Nedgia, SA(..)".

II.- Deste xeito, e en cumprimento do acordado, someteuse o expediente, con toda a documentación integrante do mesmo, ao correspondente trámite de información pública, aberto polo prazo de un (1) mes, consonte a normativa de pertinente aplicación, mediante a publicación de senllos anuncios no BOPPO núm. 198 do 13.10.2023 e nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo) do 13.10.2023, na páxina Web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal.

III.- Con data do 14.11.2023 a Xefa da oficina do Rexistro da XMU, emite dilixencia para facer constar que o, "Proxecto de urbanización modificado da AOD A-3-10 Esturáns – Polígono II someteuse ao trámite de información pública, mediante anuncios publicados nun dos xornais de maior difusión da provincia (Faro de Vigo do 13 de outubro de 2023), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 198, do 13 de outubro de 2023), na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal.

Durante o dito prazo presentáronse os seguintes escritos de alegacións:

Data rexistro entrada	Número de documento e código de solicitude	Interesado
13/11/2023	230355516	Aqualia - Servizo municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga

En base a mesma con data do 15.11.2023 o Secretario accidental da XMU expide certificación co visto e prace da Concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda na que se fai constar que, "(..)Durante o período de información pública do expediente núm. 5250/401, do "Proxecto de urbanización modificado da AOD A-3-10 Esturáns – Polígono II", aberto polo prazo de un (1) mes, mediante anuncios publicados nun dos xornais de maior difusión da provincia (Faro de Vigo do 13 de outubro de 2023), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 198, do 13 de outubro de 2023), na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente, en data do 14 de novembro de 2023, pola Xefa da Oficina de Rexistro da XMU, presentáronse os seguintes escritos de alegacións:



Concello de Vigo

Data rexistro entrada	Número de documento e código de solicitude	Interesado
13/11/2023	230355516	Aqualia - Servizo municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga

IV.- Mediante oficio do Xerente de urbanismo do 16.11.2023 (Not. Núm.12125-2023) déuselle traslado a promotora Prazadouro, SL do referido escrito de alegación, presentado pola entidade Aqualia- Servizo municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga.

Á vista do mesmo, con data do 17.11.2023 a arquitecta redactora e directora das obras, insería no Rexistro electrónico da XMU, baixo o COD. SOL.: W997617-2050 e Doc. Num. 230360130, escrito de contestación a alegación achegada durante o tramite de información pública do proxecto de urbanización modificado, co seguinte contido:

“(..)ABASTECIMIENTO.- Respecto del abastecimiento, la empresa concesionaria no ha manifestado ninguna discrepancia con el proyecto dado que no hay modificaciones respecto del proyecto original aprobado.

SANEAMIENTO.-

Red de fecales.-

- *La conexión de la Fase II con la rúa Tomás A. Alonso ha sido modificada durante la ejecución de la fase I y no se ha contemplado en el presente proyecto modificado. Existen pozos de registro sin incluir, además de la conexión del colector de fecales instalado bajo acera de Tomás A. Alonso. Efectivamente, no se han incluido en este proyecto modificado las conexiones del colector de fecales en Tomás A Alonso. Estas conexiones (fecales y pluviales) están localizadas fuera del ámbito de la APR A-3-10, definiéndose estas en el proyecto de conexión de pluviales redactado por el ICCP Julio Roberes, proyecto aprobado en fecha 17 de julio de 2020. **La exacta ubicación de los registros y la definición exacta del trazado de estos colectores se reflejará, como es preceptivo, en los planos finales de obra que serán entregados en formato abierto en la solicitud de recepción de las obras,** por otra parte estas obras ya están ejecutadas con el acuerdo y la supervisión de la empresa concesionaria y el técnico de urbanismo.*

- *Las acometidas domiciliarias no han sido plasmadas en los planos de proyecto. Las acometidas domiciliarias de los distintos solares no están incluidas en los proyectos de urbanización, dado que, según el reglamento municipal de Abastecimiento y saneamiento de Vigo, **las debe ejecutar la empresa concesionaria** a solicitud del promotor de las obras, de todas formas, en los planos finales se reflejarán las acometidas que hayan sido ejecutadas hasta la fecha.*

- *El proyecto modificado contempla la instalación de “tubería PVC corrugada de doble pared para acometidas y conducciones principales en diámetros menores a 500 mm”. Este tipo de material no es el que se está utilizando en las distintas obras que incluyen instalación de redes de saneamiento. Se recomienda la instalación de PVC liso reforzado, del tipo SN-4.*

*El proyecto modificado define, al igual que el proyecto original, las unidades de colector como:
SUMINISTRO Y COLOCACION DE TUBERIA DE DIAMETRO Ø400 MM. CORRUGADO COLOR TEJA DE SN 8 N/M2 EN PVC ESTRUCTURADO, SEGUN NORMA CEN/T 155/WG 13, CON P.P. DE JUNTA ELASTICA, TES, CODOS, MANGUITOS Y PIEZAS ESPECIALES, RECONOCIMIENTO INTERNO CON CAMARA DE VIDEO Y PRUEBA DE ESTANQUEIDAD....*

No se trata de una tubería de doble pared sino una tubería de pared estructurada, la cual se utiliza en obras municipales, habiendo sido aceptada en el momento de su instalación. De todas formas, en diámetros inferiores a 500 mm se ha utilizado PVC de pared maciza a petición del supervisor municipal de las obras.

- Es necesario incluir una partida presupuestaria para la inspección con cámara de TV de los colectores instalados, requisito indispensable para la recepción de las obras por parte de esta concesionaria.

En la definición de las unidades de colector del proyecto ya se incluye el reconocimiento interno con cámara de vídeo.

Red de Pluviales.-

- En la fase I, aunque ya está ejecutada, se ejecutaron modificaciones de la red tanto en la conexión con Tomás A. Alonso desde Esturanes, como en la fase II en su conexión desde el ámbito de obra. Estas modificaciones no se han plasmado en el presente proyecto modificado. Efectivamente, no se han incluido en este proyecto modificado las conexiones del colector de fecales en Tomás A Alonso. Estas conexiones (fecales y pluviales) están localizadas fuera del ámbito de la APR A- 3-10, definiéndose estas en el proyecto de conexión de pluviales redactado por el ICCP Julio Roberes, proyecto aprobado en fecha 17 de julio de 2020. **La exacta ubicación de los registros y la definición exacta del trazado de estos colectores se reflejará, como es preceptivo, en los planos finales de obra que serán entregados en formato abierto en la solicitud de recepción de las obras**, por otra parte estas obras ya están ejecutadas con el acuerdo y la supervisión de la empresa concesionaria y el técnico de urbanismo.

- Las acometidas domiciliarias no han sido plasmadas en los planos de proyecto. Las acometidas domiciliarias de los distintos solares no están incluidas en los proyectos de urbanización, dado que, según el reglamento municipal de Abastecimiento y saneamiento de Vigo, **las debe ejecutar la empresa concesionaria** a solicitud del promotor de las obras, de todas formas, en los planos finales se reflejarán las acometidas que hayan sido ejecutadas hasta la fecha.

- El proyecto modificado contempla la instalación de "tubería PVC corrugada de doble pared para acometidas y conducciones principales en diámetros menores a 500 mm". Este tipo de material no es el que se está utilizando en las distintas obras que incluyen instalación de redes de saneamiento. Se recomienda la instalación de PVC liso reforzado, del tipo SN-4. El proyecto modificado define, al igual que el proyecto original, las unidades de colector como: SUMINISTRO Y COLOCACION DE TUBERIA DE DIAMETRO Ø400 MM. CORRUGADO COLOR TEJA DE SN 8 N/M2 EN PVC ESTRUCTURADO, SEGUN NORMA CEN/T 155/WG 13, CON P.P. DE JUNTA ELASTICA, TES, CODOS, MANGUITOS Y PIEZAS ESPECIALES, RECONOCIMIENTO INTERNO CON CAMARA DE VIDEO Y PRUEBA DE ESTANQUEIDAD...

No se trata de una tubería de doble pared sino una tubería de pared estructurada, la cual se utiliza en obras municipales, habiendo sido aceptada en el momento de su instalación. De todas formas, en diámetros inferiores a 500 mm se ha utilizado PVC de pared maciza a petición del supervisor municipal de las obras.



Concello de Vigo

CONCLUSIONES

Todo lo recogido en esta alegación será recogido en los planos finales, así como cualquier otra modificación que pueda surgir en el transcurso de las obras con la supervisión de la empresa concesionaria. (...)."

V.- Dado o marcado carácter técnico da alegación achegada, con data do 20 de novembro de 2023 o enxeñeiro civil da oficina de urbanización e infraestruturas, emite informe, no que expón a súa conformidade ao escrito de contestación achegado pola Directora das obras e do proxecto modificado, concluíndo que da contestación a cada aspecto da alegación, no seguinte senso:

"(..)Durante el período de información pública del expediente núm. 5250/401, del "Proyecto de urbanización modificado da AOD A-3-10 Esturáns – Polígono II", se presentó el 13/11/2023, doc 230355516 una alegación de Aqualia - Servicio municipal de Abastecimiento e Saneamiento de Agua.

La alegación presentada por Aqualia hace referencia a las redes de saneamiento de pluviales y fecales, concretamente a la situación exacta de ciertos registros en la conexión de la calle "Tomás A. Alonso, del tipo de tubería definido en el presupuesto, sobre las acometidas domiciliarias y sobre la video-inspección final de los colectores.

El 17/11/2023 la directora de las obras de urbanización y redactora del proyecto modificado presenta un escrito, doc 230360130, de respuesta a la alegación presentada por la empresa concesionaria.

Después de examinar tanto el proyecto modificado, la alegación de la empresa concesionaria y la respuesta de la arquitecto redactora, se confirma que en el escrito de respuesta de la alegación, se da contestación a cada aspecto de la alegación, aclarando las inquietudes de la concesionaria y proponiendo incluir en los planos finales los cambios de posición de los registros acordados, como se hace en cada recepción de obras de urbanización.

*No procede en este caso informe de este técnico a la alegación presentada, dado que se considera que la respuesta aportada por la redactora del proyecto **es acertada y da contestación a cada punto de los relatados en la alegación.(...)**".*

FUNDAMENTOS DE DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana,
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo,
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación,
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Consello Xunta de Galicia do 29.04.1993).
- Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010),
- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013) ,
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019).
- O resto da disposicións que poidan afectar,

II.- Modificación do Proxecto de urbanización. Motivación e suficiencia da documentación

Na memoria descritiva do proxecto modificado achegado, xustifícase polo miúdo os motivos da presente modificación, e no que a modo de resumo, conclúen que, resultan sobrevidas con ocasión da execución das obras.

Ditas causas/ motivos, reflíctense nos informes técnicos municipais emitidos con carácter favorable a modificación operada, e que obran incorporados ao expediente electrónico de razón:

- Informe do Enxeñeiro de camiños, canais e portos da oficina de urbanización e infraestruturas do 21.09.2023.
- Informe da Arquitecta Xefa do Departamento de desenvolvemento urbanístico do 21.09.2023.

O proxecto modificado integrase polos seguintes documentos:

Memoria Descritiva: 1. Antecedentes; 2. Causas da Modificación; 3.Proposta da intervención; 4. Xustificación de Prezos; 5.Estudo de Seguridade e saúde no traballo; 6. Revisión de Prezos; 7. Fases de Obra. Programación e Prazos; 8. Prazo de garantía, fases de obra, programación e prazos; 9. Clasificación do contratista; 10. Presuposto das obras; 11. Cumprimento do artigo 127.2 do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas; 12. Cumprimento da Lei de supresión de barreiras arquitectónicas; 13. Conformidade previa de outros organismos; 14. Documentos que integran o presente proxecto; 15.Conclusión; Anexos.

Dito extremo, verbo da suficiencia da documentación achegada, se contén no informe técnico do 21.09.2023 do enxeñeiro de camiños, canais e portos.

III.- Tramitación

Tal e como se indicou no expositivo, a observancia dos principios de brevidade e subsidiariedade administrativa comporta que se reiteren as consideracións contidas neste apartado no acordo adoptado pola Xunta de Goberno local con data do 17 de xullo de 2020, polo que se prestou aprobación definitiva ao proxecto de urbanización, do que devén o presente modificado (trámite 157 do expediente electrónico).

No concernente á tramitación dos proxectos de urbanización así como as súas modificacións, o artigo 96.3 da LSG e en similares termos o artigo 226 do RLSG, determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes, mediante anuncio que se inserirá no Boletín oficial da Provincia, nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados.



Concello de Vigo

En puridade o documento en exame alberga prescricións que determinan condicións e termos para a máis doada execución das obras, e que, en síntese reviste un carácter non substancial e menor, poren non resulta necesario recadar novos informes sectoriais.

IV.- Órgano competente

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente de datas 21.09.2023 e 20.11.2023, que se incorporan á presente proposta e que lle serve de motivación, consonte ao previsto no artigo 88.6 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO.: Prestar aprobación, con carácter definitivo ao «Proxecto de urbanización modificado do polígono II da AOD ESTURÁNS», documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 28.08.2023- COD.SOL.: W962562-1174 e Doc. Núm.230279850, redactado pola arquitecta María L. Iglesias Fenánde, en data agosto de 2023, instrumento urbanístico promovido polo propietario único do dito ámbito, ao que se incorpora e forma parte do mesmo, o informe presentado con data do 17.11.2023 - COD. SOL.: W997617-2050 e Doc. Num. 230360130- pola arquitecta redactora e directora das obras, en resposta ao escrito de alegación presentado no preceptivo trámite de información pública, ao que presta a súa conformidade o informe técnico emitido o 20.11.2023 polo enxeñeiro civil da oficina de urbanización e infraestruturas, e que non produce ningunha modificación substancial no documento aprobado inicialmente.

SEGUNDO.: Notificar o contido íntegro do presente acordo á entidade promotora así como a todos os interesados no procedemento, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun (1) mes, ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que considere conveniente. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

TERCEIRO.: Notificar o presente acordo aos departamentos municipais de tráfico, patrimonio e contratación, estadística, cultura, parques e xardíns, electromecánicos, Mobilidade, Transporte e Seguridade, Oficina de supervisión de Proxectos e inspección de obras,, Licenza de obras e as empresas subministradoras Aqualia, Unión Fenosa Distribución SA, Telefónica. R Cable e Gas Galicia, Nedgia SA.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Expediente de contratación do servizo de redacción de proxecto de obras de "Prolongación do túnel de Eelduayen ao encontro co novo vial do proxecto de urbanización do Barrio do Cura". Expte 1733/441.

.- Expediente de contratación do subministro e obra do proxecto "Renovación do parque Camilo José Cela no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION EU". Expte. 1756/441.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

10(974).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DE PROXECTO DE OBRAS DE "PROLONGACIÓN DO TÚNEL DE ELDUAYEN AO ENCONTRO CO NOVO VIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO BARRIO DO CURA". EXPTE 1733/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 23/11/2023 e o informe de fiscalización do 29/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 23/11/2023, asinado pola técnica de Xestión e xefa do Servizo Administrativo e do Control Orzamentario e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1. En data 3 de maio de 2019, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o proxecto de «Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transforma-



Concello de Vigo

ción peonil da actual rede viaria», redactado polo equipo técnico multidisciplinar de UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. e asinado polo Arquitecto don Pedro de la Puente Crespo e polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos don José Ramón Fernández Ceballos.

2.- O expediente de contratación para a execución deste proxecto foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o 24 de maio de 2019, que, con data 26 de setembro de 2019, adxudicou o contrato á UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A.. O contrato foi formalizado en data 30.10.19 asinándose a acta de comprobación de replanteo das obras o 28.11.2019.

3.- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de data 23 de xullo de 2021 aprobou definitivamente a «Modificación puntual do PXOU/1993 para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura», instrumento urbanístico de iniciativa pública promovido por esta Administración municipal.

4.- En data 23 de setembro de 2021, pola Xerencia Municipal de Urbanismo remítiu á Área de Fomento o documento denominado “Proxecto Básico de prolongación do túnel dende o final de Elduayen ao encontro co novo vial do futuro Barrio do Cura” redactado polo arquitecto D. Alfonso Penela Fernández e presentado pola mercantil Barrio do Cura Desarrollo S.L.; documento que a dita mercantil achegou co proxecto de urbanización do devandito ámbito de ordenación.

No citado escrito indícase que a coincidencia no tempo da obra municipal de «Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria» e a próxima urbanización do ámbito do Barrio do Cura, trala modificación da ordenación urbanística nese ámbito, presenta a oportunidade de prolongar o túnel de Elduayen ata o vial que prevé a nova ordenación do Barrio do Cura, polo cal a promotora da execución deste ámbito presenta, a modo de suxerencia ou proposta o “Proxecto Básico de prolongación do túnel dende o final de Elduayen ao encontro co novo vial do futuro Barrio do Cura” redactado polo arquitecto D. Alfonso Penela Fernández coa finalidade de coordinar a posible continuidade do viario soterrado e a consecuente humanización peonil da superficie co viario proposto na nova ordenación do ámbito do Barrio do Cura.

5.- O proxecto presentado pola mercantil Barrio do Cura Desarrollo S.L., de prolongación do túnel desde o final de Elduayen ata o novo vial no Barrio do Cura, propón, ademais do soterramento do tráfico rodado e a humanización do Paseo de Alfonso XII, as variacións de sección necesarias, entre as lonxitudes 0+260m e 0+420m do proxecto de soterramento do tráfico da Porta do Sol, para conseguir un soterramento total do tráfico rodado entre Policarpo Sanz e a nova urbanización Barrio do Cura. Xa dentro desta urbanización continuaría nun vial proxectado –non soterrado— ata chegar ata o encontro coas rúas Torrecedeira e Santa Marta, resolto cunha rotonda de nova creación. O tramo soterrado entre Elduayen e o ámbito do Barrio do Cura,

baixo o Paseo de Alfonso XII, supón un incremento na lonxitude do túnel en execución de 135 metros, pasando de 420 metros a 555 metros de lonxitude total.

O documento técnico supedita o trazado final do túnel e as cotas do nivel de acabado á aparición de restos arqueolóxicos no ámbito da actuación, principalmente na confluencia das rúas Elduayen co Paseo de Alfonso XII, onde se conservan vestixios da muralla moderna da cidade e do baluarte da Falperra, polo que o documento técnico considera necesario previamente unha excavación arqueolóxica en área do baluarte, que permita coñecer a súa realidade física, arquitectura e características constructivas e o seu estado de conservación.

6.- Á vista de que as actuacións a desenvolver no referido proxecto realízanse nun ámbito de protección arqueolóxica, a Área de Fomento do Concello de Vigo, procedeu á contratación dunha «asistencia técnica especializada en materia de protección do patrimonio histórico no ámbito do proxecto básico de prolongación do túnel dende o final de Elduayen ao encontro co novo vial do futuro Barrio do Cura», para realizar un análise técnico especializado en materia de arqueoloxía e protección do patrimonio histórico, así como a redacción dun proxecto de intervención arqueolóxica que permita que as actuacións se realicen cos criterios de respecto e posta en valor do patrimonio histórico. En execución do dito contrato a empresa adxudicataria Anta de Moura presentou, en data maio de 2022, un Estudo Arqueohistórico, no que conclúe a necesidade de executar a combinación de dúas actuacións arqueolóxicas previas: por un lado, a excavación en área do ámbito no que se localiza a muralla e baluarte da Falperra; e, por outro, a realización dunhas sondaxes mecánicas al longo do Paseo de Alfonso XII, e o Proxecto Arqueolóxico a tal fin.

7.- Con data 03.06.2022, a arqueóloga municipal, á vista da presenza dos restos arqueolóxicos, que describe no seu informe, no ámbito afectado polo documento técnico presentado, propón a realización dunha excavación en área do ámbito no que se localizan os restos da muralla e baluarte da Falperra, co obxecto de comprobar a cota da súa cimentación e definir, en presenza dos datos obtidos, as alternativas posibles para a execución da prolongación do túnel. Igualmente propón a execución dunhas sondaxes arqueolóxicas previas, que poderían ser mecánicas no Paseo de Alfonso XII e no Barrio do Cura, na zona na que o proxecto de ampliación do túnel se introduza no seu ámbito. Finalmente, tendo en consideración que as obras afectan a un B.I.C, en cumprimento do disposto no artigo 39 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, a arqueóloga municipal informa que proxecto de ampliación do túnel, xunto co seu informe, e o estudo arqueohistórico presentado deberase remitir ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia aos efectos de que emitan a preceptiva autorización.

8.- O referido proxecto básico de prolongación foi remitido á Xefatura Territorial da Consellería de Educación, Formación Profesional e universidades (servizo de coordinación cultural). En data 16.03.2023 (nº documento 230068551) polo citado servizo requírese para aportar diferente documentación técnica que permita a emisión de in-



Concello de Vigo

forme. A documentación requirida fai necesario a redacción dun proxecto de execución da referida actuación para dar correcto cumprimento ao mesmo.

9.- Á vista da oportunidade e conveniencia que para a cidade representa a execución da prolongación do túnel para o soterramento do tráfico rodado na Porta do Sol e a rúa Elduayen, desde o final desta rúa ata o novo vial do Barrio do Cura, para conseguir o soterramento do tráfico rodado entre a rúa Policarpo Sanz e a nova urbanización do Barrio do Cura, a Xunta de Goberno Local, en data 16 de xuño de 2022 acorda aprobar o inicio das actuacións conducentes á execución da prolongación do túnel para o soterramento do tráfico rodado entre a Porta do Sol e a rúa Elduayen, desde o final desta rúa ata o novo vial do barrio do Cura. Apróbase igualmente, como primeiras actuacións conducentes a tal fin, a realización das actuacións necesarias para, previa a autorización da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, a execución dunha escavación en área do ámbito no que se localizan os restos da muralla e baluarte da Falperra e a execución dunhas sondaxes arqueolóxicas mecánicas previas no Paseo de Afonso XII. Apróbase igualmente notificar dito acordo á Dirección das Obras do proxecto de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria”, aos efectos de realizar as actuacións necesarias para compatibilizar as devanditas obras, actualmente en execución, coas que poidan resultar necesarias para a prolongación do túnel.

10.- Con data 21 de xuño de 2022 a dirección facultativa das obras de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria” solicita autorización de inicio do expediente de modificación nº 2 do citado proxecto, no que se inclúen as actuacións conducentes a compatibilización destas obras coas indicadas no apartado VIII. Tendo en conta o anterior, previo informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos, informe proposta do servizo xestor e o preceptivo informe de fiscalización, en data 9 de marzo de 2023 a Xunta de Goberno Local aproba o proxecto modificado nº2 das obras de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria”.

11.- Con data 7 de xullo de 2022 envíase á Delegación Territorial da Consellería de Cultura o “Estudo histórico-arqueolóxico do proxecto de prolongación do túnel dende o final da rúa Elduayen ao encontro co novo vial do futuro barrio do Cura”, así coma o “Proxecto da actuación arqueolóxica de escavación en área e sondaxes mecánicas” e o “Proxecto básico de prolongación do túnel dende o final de Elduayen ao encontro con novo vial do futuro proxecto do barrio do Cura”, con obxecto de solicitar autorización desa Administración para a súa execución.

12.- Con data 29 de agosto de 2022 a Dirección Xeral de Patrimonio resolveu autorizar a actuación de escavación en área e sondaxes mecánicas arqueolóxicas no proxecto de prolongación do túnel na rúa Elduayen e o paseo de Alfonso XII.

13.- Con data 3 de novembro de 2022 a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de aprobación definitiva do “Proxecto de urbanización do polígono único da área de reparto en SUNC AR-I-01 Barrio do Cura. Expte 5282-401”.

14.- Con data 6 de xullo de 2023 ten entrada no rexistro do Concello, para a súa remisión á Delegación Territorial da Consellería de Cultura, a memoria técnica da actuación arqueolóxica de escavación en área e sondaxes mecánicas no ámbito proxectado de prolongación do túnel dende o final de Elduayen ao encontro co novo vial do proxecto de urbanización do barrio do Cura, completándose así a investigación arqueolóxica e documentando o estado e xeometría dos bens arqueolóxicos no ámbito da actuación.

15.- Tendo en conta as necesidades descritas e ao abeiro do establecido no artigo 231 da Lei 9/2017, de 8 novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, (LCSP), que establece como actuacións preparatorias dos contratos de obras a previa elaboración do correspondente proxecto, polo cal é necesario a redacción dun proxecto construtivo e a súa posterior aprobación en XGL, que sirva de base técnica para a licitación posterior da obra en cuestión.

16.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, en datas 20.07.2023 emítase informe de necesidade e idoneidade asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e polo Técnico de Administración Xeral, ao abeiro do cal en data 21.07.2023, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos acorda o inicio do expediente de contratación

17.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e polo Técnico de Administración Xeral de data 20.07.2023, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 21.07.2023.
- c) Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos en data 22.09.2023.
- d) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión e Xefa Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 26.09.2023.
- e) Certificados de crédito asinado pola Dirección superior Contable e Orzamentación en data 27.09.2023.
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en data 29.09.2023.



Concello de Vigo

- g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 23.10.2023.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 23.10.2023.
- i) Dilixencia de devolución do expediente asinada pola Xefa de Asesoramento da Asesoría Xurídica en data 15.11.2023.
- j) Nova Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en datas 21 e 22.11.2023.
- k) Dilixencia aclaratoria asinada polo Servizo Xestor en data 21.11.2023.
- l) Novo Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 22.11.2023.
- m) Novo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 22.11.2023.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada (artigo 19 e 22 da LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación da REDACCIÓN DO PROXECTO DE “PRO-LONGACIÓN DO TÚNEL DE ELDUAYEN AO ENCONTRO CO NOVO VIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO BARRIO DO CURA”, cun orzamento base de licitación que ascende a un total de DOUSCENTOS OITENTA E OITO MIL CINCO-CENTOS NOVENTA E UN EUROS con NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS” (288.591,96 €), lve engadido, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	88.591,96 €
2024	200.000,00 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos en data 22.09.2023.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 22.11.2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación partida orzamentaria 1539 6190003 (Porta da Sol), proxecto de gasto 17153903, do vixente orzamento 2023 por importe de 88.591,96 €, e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2024, na partida orzamentaria 1539 6190003, crédito por importe de 200.000,00 €.



Concello de Vigo

Quinto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de traballo previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 44,30 %.

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(975).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E OBRA DO PROXECTO “RENOVACIÓN DO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA NO MARCO DO PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXT-GENERATION EU”. EXP-TE. 1756/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 24/11/2023 e o informe de fiscalización do 29/11/2023, dáse conta do informe-proposta do 23/11/2023, asinado pola técnica de Xestión e xefa do Servizo Administrativo e do Control Orzamentario e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 23.11.2022, resolveu autorizar o gasto e o contrato menor para a “RENOVACIÓN DEL PARQUE CAMILO JOSÉ CELA EN EL MARCO DEL PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXT-GENERATION EU” a favor da entidade Parrilla Ingeniería y Construcción S.L.U. (B27768852).

II.- A empresa Parrilla Ingeniería y Construcción S.L.U., trala fase de supervisión do borrador, presenta proxecto de “RENOVACIÓN DEL PARQUE CAMILO JOSÉ CELA EN EL MARCO DEL PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXT-GENERATION EU” redactado polo Enxeñeiro Industrial Carlos Gustavo Parrilla, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCIENTOS NOVENTA E CATRO MIL NOVE EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (394.009,71 €).

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 01.08.2023, e o pertinente informe xurídico con proposta de

resolución de data 02.08.2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 11.08.2023 aprobou o proxecto de “RENOVACIÓN DEL PARQUE CAMILO JOSÉ CELA EN EL MARCO DEL PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXT-GENERATION EU” redactado polo Enxeñeiro Industrial Carlos Gustavo Parrilla, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS NOVENTA E CATRO MIL NOVE EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (394.009,71 €) asinado dixitalmente en data 10.03.2023 (exp. 5936/443).

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto da actuación obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 11.08.2023 que se corresponde co expediente administrativo 5.936-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro Industrial Carlos Gustavo Parrilla.
Asemade, dito proxecto incorpora no seu anexo I.6 Fichas técnicas e certificacións (tte. 40 do expte. 5936-443), as prescricións técnicas do equipamento obxecto da subministración.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, pola Técnica de Xestión, polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe da Área de Inversións de datas 31 de agosto e 1 de setembro de 2023.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos de data 01.09.2023.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 07.09.2023.
- E) Certificados de crédito asinados pola Dirección Superior Contable en data 15.09.2023.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada pola Enxeñeira Industrial en data 28.09.2023.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 16.11.2023.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 18.10.2023.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 20.11.2023.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de data 22.06.2023), aos concelleiros de Área.



Concello de Vigo

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP), así como o seu carácter de contrato mixto de subministro e obra, suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 21 da LCSP. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación mixta do subministro e obra, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, do proxecto de “RENOVACIÓN DO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA NO MARCO DEL PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXT-GENERATION EU” redactado polo Enxeñeiro Industrial Carlos Gustavo Parrilla, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS NOVENTA E CATRO MIL NOVE EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (394.009,71 €).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 20.11.2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo a partida orzamentaria 1710.619.00.15, proxecto de gasto 22171012, do vixente orzamento 2023 por importe de 94.009,71 €, e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2024, na partida orzamentaria 1710.619.00.12, crédito por importe de 300.000 €.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 76,14 %.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(976).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE (RA 30/11/2023)

M^a del Carmen Silva Rego